



Mar adiante

Miguel é un mariñeiro que chegou a Portosouril hai moitos anos. Tantos que as xentes esquencérонse do camiño que o trouxo e chámanlle agora Miguel o de Portosouril.

Miguel non tiña barco, nin aparellos, nin arrasos cando chegou. Pro estaba namorado do mar e pasaba o día na praia ollando prós barcos e mais observando as tarefas dos mariñeiros. Deste xeito adeprendeu a coñece-las madeiras, a xunta-los cabacos e mais a arranxa-los paos. Deuse despois a facer barcos.

En poucos anos, os barcos que facía

Miguel — o de Portosouril — eran moi famosos entre os mariñeiros de Galicia toda. Medraronlle as barbas astra os pés e enhéronse os ollos coa agua do mar. Acadou tantos cartos que fixo unha escola na aldea, un faro prós mariñeiros e mais un reló de sol pra que os raparigos que de cotío o acompañaban non chegasen tarde ás casas.

Cando observou que xa non había na aldea mariñeiro que non tivese o seu barco, preguntose:

— ¿Que vou facer agora?
E adormeceu caviloso.



En soños, aparecerónselle os seus amigos da praia, chorando. Estaban de xionllos no chan, cos brazos en cruz, coas mans cheas de libros. Diante deles estaba o señor mestre, moi enrabexado. Decía:

— Se mañá non sabéde-la táboa do sete, iredes todos ó mar cos libros amarrados ó pescoco. Comeránvos as gaivotas e os peixes.

Miguel coidou que o señor mestre non os botaría ó mar e sabía de certo que as gaivotas e os peixes non comerían ós uenos. Nembargantes sentiu unha gran mágoa no seu corazón. Entón dixo:

— Vou facer un barquiño branco coma unha gaivota, guímaro coma un peixe. Vóullelo dar ós nenos pra que non choren na escola, pra que saibam que as gaivotas non comen nenos e mais pra que adprendan que o mar é o mais fermoso do mundo.

E púxose á súa tarefa.

Demorouse casemente un ano en remata-lo barco.

Os raparigos iban tódolos días á beirña de Miguel — o de Portosouril — e preguntábanlle:

— ¿É un pesqueiro?

— Non. Non é un pesqueiro.

— ¿É un barco de guerra?

— Non. Eu non sei facer barcos de guerra.

— ¿É unha casaña pra ti?

— ¿É pra dormi-las gaivotas?

— ¿É unha mexilloeira?

— Non. Non é nada desto. Xa veredes... Cómpre ter un anaquiño de paciencia.

Na derradeira bocanoite do mes dos Santos, Miguel — o de Portosouril — empuxou o barco cara ó mar.

Alborexando o primeiro día do mes de Nadal, os rapaces viron amarrado no peirao un barquiño pequerrecho e branco. Nas costas, con letriñas rubias, decía ARROÁS. Na branceira, con letriñas azuis, decía ESCOLA.

Entón souberon o segredo de Miguel e apuráronse moito pra recoller nas súas casas as roupas e maílos libros. O vento mareiro é moi turdio en Nadal e alporizábanse pensando que o barco esboufase nos vagallóns denantes de estrealo.